

ORIENTACIÓN VOCACIONAL E PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



equipos orientación específicos



1. PRESENTACIÓN

Os constantes cambios que teñen lugar no mundo actual, enmarcados pola globalización, os avances da sociedade da información, da tecnoloxía e do coñecemento, a aparición de profesións emerxentes e de novas fontes de emprego, fan imprescindible que as persoas estean cada vez máis preparadas para afrontar novos retos persoais e laborais. Diante desta realidade, a información e a orientación deben favorecerlles ás persoas de todas as idades o seu desenvolvemento en todos aqueles aspectos que, aínda non sendo puramente vocacionais, contribúen á súa realización persoal, educativa e profesional.

1.1 DELIMITACIÓN CONCEPTUAL

Orientación vocacional, orientación profesional, asesoramento vocacional, orientación para a carreira son, entre outras, as denominacións máis frecuentes para referirse a un proceso continuo de axuda para a toma de decisións académicas e profesionais no marco do proxecto vital das persoas.

A orientación profesional pódese entender como un proceso sistemático de axuda encamiñada a favorecer o desenvolvemento integral da persoa ao longo da súa vida, a través da elaboración e realización dos seus proxectos persoais e profesionais.

Isto implica que a orientación profesional debe ter en conta as experiencias escolares, familiares, profesionais, laborais e sociais da persoa á hora de levar a cabo calquera intervención. No contexto da aprendizaxe permanente, a orientación profesional debe capacitar as persoas para o coñecemento de si mesmas e das súas posibilidades para poder adoptar decisións responsables sobre a súa formación e inserción sociolaboral.

En todo caso, as características comúns que definen a orientación profesional son as seguintes:

A orientación profesional...

- É un proceso de axuda mediante unha intervención continuada, técnica e sistemática, baseado nos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social.
- Ten lugar ao longo de toda a vida da persoa e contribúe á súa autorrealización.
- Establece un vínculo entre o mundo educativo e o mundo laboral.
- A persoa é un axente activo do seu proceso orientador, a través da identificación das súas propias características, da obtención de información e da toma de decisións.
- Supón un factor decisivo da preparación para a vida e de aprendizaxe permanente.

1.2 PRINCIPIOS

Entre os principios básicos sobre os que se asenta a orientación profesional podemos citar os seguintes:

- Principio de axuda: no ámbito educativo, o centro escolar debe dar resposta ás necesidades e demandas de todo o alumnado.
- Principio de continuidade: non se trata de realizar unha intervención illada, en momentos puntuais, senón de seguir un proceso sistemático que contribúa ao desenvolvemento da carreira profesional.
- Principio de planificación: as actuacións que se leven a cabo requiren dunha estrutura, coherencia e organización previas.
- Principio de interdisciplinariedade: as actividades deseñaranse dentro dunha perspectiva interdisciplinar e estarán en relación co currículo escolar.
- Principio de individualización: tendo en conta os factores de desenvolvemento evolutivo e as características persoais, familiares e sociais de cada alumna e alumno, potenciarase a axuda personalizada e a toma de decisións autónoma.

2. A INTERVENCIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

A orientación profesional no contexto educativo abrangue actuacións dirixidas a facilitar axuda e asesoramento a todo o alumnado coa finalidade de que poida ser capaz de tomar decisións fundamentadas e responsables dentro do proxecto académico ou profesional que máis se adapte aos seus intereses e características. Decidir de forma realista e planificada supón desenvolver e dominar unha serie de capacidades relacionadas fundamentalmente coa obtención, selección e análise de información; co coñecemento de si mesmo; coa planificación de metas e coa resolución de problemas; obxectivos todos eles que non se acadan de xeito puntual, senón que son froito dunha intervención educativa continuada.

3. OS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

Os equipos de orientación específicos de Galicia, a través da persoa especialista en orientación vocacional e profesional, ofrecen unha función de apoio aos centros para contribuír ao logro dunha axeitada planificación e desenvolvemento das actuacións neste ámbito. Esta especialidade, ademais do seu traballo de carácter xeral e común ao equipo, ten asignadas as seguintes funcións:

- Cooperar cos centros educativos, dun xeito especial cos departamentos de orientación, na elaboración e desenvolvemento de programas relacionados coa orientación profesional.
- Desenvolver desde o ámbito educativo aquelas accións establecidas no Plan Galego de Formación Profesional co fin de posibilitar actuacións coordinadas en materia de formación, información e cualificación profesional.
- Asesorar aos departamentos de orientación e ao profesorado sobre o tratamento transversal e integrado da orientación profesional nas distintas áreas, módulos e materias do currículo.
- Recompilar, adaptar, elaborar e difundir documentación de apoio, recursos e materiais que poidan servir de axuda e faciliten a posta en práctica da orientación profesional do alumnado.
- Potenciar a coordinación intercentros, fundamentalmente cando supoña un tránsito do alumnado entre diferentes etapas educativas.
- Asesorar e colaborar co profesorado de formación e orientación laboral dos centros de educación secundaria.
- Dinamizar a colaboración dos centros educativos con outros servizos, organismos ou institucións que desenvolvan actuacións no ámbito da orientación profesional e a inserción laboral.
- Dar a coñecer as posibilidades de formación permanente ao longo da vida, sobre todo no ámbito da educación para as persoas adultas.
- Asesorar e colaborar cos centros educativos para levar a cabo actuacións que faciliten a igualdade no acceso á formación profesional,

- á transición da formación ao mundo laboral (ou viceversa), e ao fomento da cultura emprendedora e o autoemprego.
- Contribuír á formación especializada dos departamentos de orientación e do profesorado en xeral, así como ás iniciativas de investigación e innovación que poidan xurdir no ámbito da especialidade.
 - Participar en todas as accións para as que a Administración así o requira, en relación coas funcións, competencias e contido do traballo propio da especialidade.

4. PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ORIENTACIÓN PROFESIONAL: CONSIDERACIÓNS XERAIS.

4.1 ASPECTOS A TER EN CONTA NO PROCESO DE ORIENTACIÓN


Para que as persoas sexan capaces de realizar unha toma de decisións responsable e elaborar un proxecto de futuro por si mesmas, é necesario que desde a orientación vocacional e profesional se lle dea prioridade á intervención no coñecemento dun mesmo e no coñecemento das opcións entre as que se pode escoller. Coñecer as características persoais propias permite confrontalas coas alternativas académicas e laborais existentes.

Principais factores que inflúen na decisión profesional

- Internos:
 - Características persoais: trazos de personalidade, habilidades, capacidades, valores, intereses e preferencias.
- Externos:
 - Alternativas de formación que se teñen ao alcance.
 - Condicionantes socio-familiares, económicos, culturais, requisitos de acceso aos diferentes estudos...
 - Realidade do mercado laboral.

4.2 ÁREAS DE INTERVENCIÓN

Durante o proceso de orientación, no ámbito propiamente educativo, existen unha serie de áreas ou aspectos temáticos que necesariamente deberán ser contemplados como parte dun programa de orientación para o desenvolvemento da carreira.



4.4 A ORIENTACIÓN PROFESIONAL NO ENSINO NON UNIVERSITARIO:

Dado que a orientación profesional é un proceso continuado e gradual, é necesario non desvincular as diferentes etapas educativas e toda a formación complementaria que poida recibir unha persoa ao longo da súa vida. Con independencia das ensinanzas que se impartan nun determinado centro educativo, o plan de orientación que se elabore deberá contemplar actividades dentro do ámbito da orientación profesional co obxectivo de axudarlle ao alumnado a elixir responsablemente o seu itinerario formativo e profesional.

Na educación infantil aproveitaranse as oportunidades que ofrece o currículo para facilitar un achegamento ao coñecemento das diferentes profesións existentes no contorno próximo.

Na educación primaria, especialmente no terceiro ciclo, programaranse actividades curriculares de fomento do autoconhecimento, maduración na toma de decisións e información sobre o sistema educativo.

Na educación secundaria obrigatoria cómpre sumar ás accións anteriores outras dirixidas ao coñecemento das opcións académicas e formativas posibles ao remate da dita etapa educativa, así como as referidas ao mundo laboral.

No bacharelato, a orientación profesional centrarase fundamentalmente no asesoramento e apoio ao alumnado na elaboración do itinerario formativo e profesional que posibilite o acceso a estudos posteriores da súa preferencia (ciclos formativos de grao superior, ensinanzas especiais, estudos universitarios,...), ou ben a súa incorporación ao mundo laboral.

Na formación profesional específica planificaranse actividades para facilitar a incorporación do alumnado ao mundo laboral ou, de ser o caso, a continuación de estudos, fomentando a necesidade da formación permanente. Neste sentido, cobran especial relevancia as actuacións encamiñadas á formación para o emprego ou á formación para a transición á vida activa, á inserción socio-profesional, á adopción do rol laboral e á adaptación ao mercado de traballo.

5. RECURSOS DE INTERESE

5.1 SELECCIÓN BIBLIOGRÁFICA

- ALBERTE, J.R. (Ed.): Educación e inserción socio-laboral de persoas discapacitadas. ICE-Universidade de Santiago de Compostela, 1999.
- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, M.: Orientación profesional. Edit. Cedecs. Barcelona, 1995.
- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, M. (coord.): La madurez para la carrera en la educación secundaria: Evaluación e intervención. Edit. EOS. Madrid, 2007



- ÁLVAREZ ROJO, V. e GARCÍA PASTOR, C.: Orientación vocacional de jóvenes con necesidades especiales. Edit. EOS. Madrid, 1997.
- BLAS ARITIO, F.: Competencias profesionales en la Formación Profesional. Alianza Editorial. Madrid, 2007.
- BLASCO CALVO P. e PÉREZ BOULLOSA, A.: Orientación e Inserción profesional. Competencias y entrenamiento para su práctica. NAU Llibres. Valencia, 2001.
- BORREGO, M. e DÍAZ, J.: Orientación vocacional y profesional: materiales de asesoramiento para ESO y Bachillerato. Edit. CCS. Madrid, 2000.
- ECHEVERRÍA, B.: Orientación profesional. UOC. Barcelona, 2008.
- GALLEGO, S.: Cómo planificar el desarrollo profesional: actividades y estrategias de autoorientación. Edit. Laertes. Barcelona, 1999.
- JATO, E.: La formación profesional en el contexto europeo. Ed. Estel. Barcelona, 1998.
- MONTANÉ, J.: Orientación ocupacional. Edic. CEAC. Barcelona, 1993.
- PÉREZ BOULLOSA, A. e BLASCO CALVO, P.: Orientación e Inserción Profesional: Fundamentos y tendencias. NAU Llibres. Valencia, 2001.
- REPETTO, E.: Tu futuro profesional. CEPE. Madrid, 1999.
- RIVAS, F. (Ed.): Manual de asesoramiento y orientación vocacional. Edit. Síntesis. Madrid, 1995.
- RODRÍGUEZ MORENO, M.L.: La orientación profesional. I. Teoría. Edit. Ariel. Barcelona, 1998.
- RODRÍGUEZ MORENO, M.L.: Cómo orientar hacia la construcción del proyecto profesional. Edit. Desclée de Brouwer. Bilbao, 2003.
- RODRÍGUEZ MORENO, M.L.: Evaluación, balance y formación de competencias laborales transversales. Ed. Laertes. Barcelona, 2006.
- ROMERO, S.: Orientación para la transición de la escuela a la vida activa. Edit. Laertes. Barcelona, 1999.
- SÁNCHEZ, M.F.: Orientación laboral para la diversidad y el cambio. Sanz y Torres. Madrid, 2004.
- SEBASTIÁN, A. (coord.), RODRÍGUEZ, M.L. e SÁNCHEZ, M.F.: Orientación profesional: un proceso a lo largo de la vida. Edit. Dykinson. Madrid, 2003.



- SEBASTIÁN, A. e SÁNCHEZ, M.F.: El mercado de trabajo y el acceso al mundo laboral. Una perspectiva desde la orientación profesional. Edit Estel. Barcelona, 2005.
- SOBRADO, L.: Orientación profesional: diagnóstico e inserción sociolaboral. Edit. Estel. Barcelona, 2000.
- XUNTA DE GALICIA: Guía de técnicas para a busca de emprego. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, 1999.
- XUNTA DE GALICIA: Plan de orientación profesional. Guía de recursos. Consellería de Educación e O.U., 2002.
- XUNTA DE GALICIA: Catálogo de Perfís Profesionais. Consellería de Traballo, 2006.
- XUNTA DE GALICIA: 2º Plan Galego de Formación Profesional. Consellería de Educación e O.U. - Consellería de Traballo, 2008

5.2 PÁXINAS WEB

- <http://www.edu.xunta.es/fp> Información referida ás ensinanzas de Formación Profesional. Consellería de Educación e O.U.
- <http://www.edu.xunta.es/ea> Información sobre ensinanzas especiais, educación de persoas adultas e programas europeos e internacionais. Consellería de Educación e O.U.
- <http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/orientacion.htm> Contidos e recursos educativos relacionados coa orientación, con ligazóns a páxinas de orientación profesional. Consellería de Educación e O.U.
- <http://www.mepsyd.es/educacion/formacion-profesional/cnrop> Centro Nacional de Recursos para la Orientación Profesional (CNROP). Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- <http://www.cesga.es/ciug> Comisión Interuniversitaria de Galicia (acceso á Universidade)
- <http://www.udc.es> Universidade da Coruña.
- <http://www.usc.es> Universidade de Santiago de Compostela
- <http://www.uvigo.es> Universidade de Vigo.
- <http://www.acsug.es> Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- <http://www.mepsyd.es/horizontales/becas-ayudas-premios> Becas, axudas e premios. Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.
- <http://traballo.xunta.es> Páxina da Consellería de Traballo, con información sobre formación, cualificacións profesionais e emprego.



- <http://www.ceg.es> Confederación de Empresarios de Galicia. Conta cun servizo de atención e asesoramento a persoas con iniciativas emprendedoras.
- <http://www.igape.es> Instituto Galego de Promoción Económica. Información para a promoción, creación e desenvolvemento de empresas.
- <http://www.bicgalicia.es> Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia.